



De Ximonde a Pontecesures: un experimento de transporte de madeira polo río Ulla no ano 1883

Henrique Neira Pereira

valdoulla@yahoo.es

Resumo. Catro mil piñeiros viaxaron flotando polo río Ulla abaixo en 1883, de acordo coas noticias que recolle o xornal compostelán 'Gaceta de Galicia'. Cortados en Ximonde (Vedra) foron acompañados por persoal experto ata Pontecesures, na que constitúe a única experiencia masiva de transporte fluvial de madeira neste tramo do Ulla que coñecemos polo de agora. Con máis lentitude e máis dificultades das previstas, a maioría das árbores chegaron a destino dezaoto días despois de que comezase a operación.

Abstract. According to the journal Gaceta de Galiza, from Santiago de Compostela, four thousand pine trees floating down the Ulla River in 1883. They were cut down in Ximonde (Vedra) and some experts supervised the transportation. Until now, this was the only massive experience of fluvial transport through the Ulla River. Most of the trees arrived to their destination eighteen days after the operation had started, but more slowly and hardly than expected.

Van alá 130 anos dun experimento que se fixo para trasladar flotando polas augas do río Ulla abaixo 4.000 árbores cortadas nun monte da parroquia de San Miguel de Sarandón ata unha primeira escala en Pontecesures. Desde alí debían ser trasladadas a Carril –non sabemos como– para seren embarcadas e transportadas ó seu destino final, que descoñecemos tamén cal era. Mais os detalles que fomos atopando son moi interesantes.

Sabemos que se fixo esta curiosa proba polas noticias que recolleu o diario santiagués 'Gaceta de Galicia' entre o 6 de marzo e o 3 de abril de 1883 e non atopamos información sobre ningunha actividade similar nin anterior nin posterior no río Ulla. Iso non quere dicir que non puidera habela, pero en todo caso sería probablemente algo puntual e non habitual e tamén a pequena escala.

O artigo de Juan Piqueras e Carme Sanchís titulado 'El transporte fluvial de madera en España. Geografía histórica'¹, lembra que

1 Piqueras, Juan e Carme Sanchís. 'El transporte fluvial de madera en España. Geografía histórica'. En: 'Cuadernos de Geografía', Universitat de València. Núm. 69/70. Páxs. 127-162.

con anterioridade ó transporte por ferrocarril ou por estrada unha parte da madeira que se cortaba nos montes españois era conducida flotando por algúns ríos ata o seu destino. O texto sinala que era unha práctica común nos ríos Ebro, Tajo, Júcar, Turia, Segura e Guadalquivir, e que desta madeira se abastecían os estaleiros de Cartaxena, Cádiz e Ferrol, a industria da construción e as carpinterías de moitas cidades. Non menciona que se fixera algo semellante en ningún río galego.

Esta modalidade de transporte fluvial da madeira coñecíase co nome de ‘maderada’ e practicábase nalgúns lugares polo menos desde o século XVI². Nalgúns casos enviábanse río abaixo grupos de árbores unidas entre si –almadías ou balsas–, mentres noutras ocasións se mandaban soltas. Parece que este último método era o máis habitual pois o primeiro nada máis se podía poñer en uso nos ríos máis caudalosos.

Con todo, o procedemento requiría moita man de obra para acompañar a madeira corrente abaixo e solucionar os problemas que puidese haber ante calquera tipo de obstáculo como por exemplo as pesqueiras.

Condutores polas ribeiras e en balsas

Di a ‘Gaceta de Galicia. Diario de Santiago’ do 6 de marzo de 1883 na súa segunda páxina que o día seguinte era o marcado para empezar coa operación de condución polas auga do Ulla dunha gran partida de piñeiros cortados en Ximonde, na ribeira do río, coa idea de arrastralos ata Cesures. Para que todo saíse ben, polas ribeiras marcharían varios homes acompañando a madeira e polo centro do río outros irían “en balsas”. A operación debeu atraer a atención de moita xente que tiña previsto achegarse ó río, indica o periódico, que propoñía –como ó parecer xa fixera anteriormente– “canalizar” o seu curso entre a Ponte Ulla e Cesures como vía para conseguir un maior desenvolvemento económico para as comarcas que atravesaba.

Mais a cousa non comezou na data prevista. A ‘Gaceta de Galicia’ do 9 de marzo recolle nas páxinas dúas e tres primeiro unha información

2 Na páxina 128 do mesmo artigo menciónase ese dato.

publicada no periódico ‘El Clamor de Galicia’ que indica que o propietario do piñeiral se chamaba “Pérez Davila” e que a condución das árbores ía estar dirixida polo “distinguido buzo francés Mr. Guijard”. A continuación, a ‘Gaceta de Galicia’ sinala que de acordo ás súas noticias se presentaron algunhas “dificultades”, polo cal non se puido empezar o día anunciado.

Catro mil piñeiros flotando

De novo a ‘Gaceta de Galicia’ do sábado 17 de marzo informa que estaba previsto que na madrugada dese día –supoñemos que a madrugada do 17 para o 18– serían lanzados ás augas do Ulla uns 4.000 piñeiros “divididos en trozos” e “arrastrados” polas correntes, viaxe durante a cal serían coidadosamente “custodiados” e dirixidos por persoas expertas ata Cesures para ser “embarcados en Carril”.

Supoñíase que chegarían a Cesures o domingo e informaba que José Pérez Davila, o primeiro que ensaiaba “en Galicia este sistema” de condución da madeira, invitara varios amigos a xantar en Herbón –entre eles o xornalista– para ver como pasaban por alí as madeiras, un espectáculo ó que polo visto pensaban asistir moitas persoas de Santiago saíndo da cidade no tren do domingo pola mañá.

Con todo, a cousa non foi tan fácil como parecía, pois a ‘Gaceta de Galicia’ do martes 20 de marzo cualifica de “enredosa” a operación, polo que a maior parte dos piñeiros de Ximonde aínda non chegaran a Cesures. Aínda así, tras facer unha excursión da Pontevea a Ximonde para observar a condución dos piñeiros, o autor do texto non dubida en considerar que se trataba dun importante acontecemento para o país, pois o novidoso sistema de transporte aumentaría supostamente o valor da propiedade forestal nas comarcas que atravesaba o río Ulla.

Hoy á la madrugada serán lanzados á las aguas del Ulla, unos cuatro mil pinos que divididos en trozos y arrastrados por las corrientes de aquel laudaloso río, cuidadosamente custodiados y dirigidos por personas peritas seguirán hasta Cesures para ser embarcados en Carril.

El domingo llegarán á Cesures según tenemos entendido.

El Sr. Perez Davila (D. José) dueño de los referidos pinos el primero que ensaya en Galicia este sistema de conducción, salió ayer para Gimonde (Sarandón) punto de donde arranca las maderas, y ha invitado á algunos amigos entre cuyo número nos contamos á un almuerzo que se celebrará el domingo en Herbón para celebrar el paso de las maderas por aquellas pintorescas y encantadoras riberas espectáculo que excita la curiosidad por lo que subimos de muchas personas de esta ciudad que se proponen ir á presenciarlo partiendo al efecto en el tren de la mañana del domingo.

A noticia publicada na ‘Gaceta de Galicia’ do 17 de marzo de 1883, dixitalizada na biblioteca virtual Galiciana da Xunta de Galicia.

José Pérez Davila, pioneiro

Por fin, o 3 de abril lemos no mesmo diario que chegou a Cesures a maior parte dos trozos de piñeiros e que non tardarán en chegar os demais. Pasaron pois 18 días desde que foron lanzados ás augas do río as primeiras árbores ata que vencendo “toda clase de obstáculos”, refire o diario, a maioría chegou a Pontecesures.

O xornal felicita finalmente a José Pérez Dávila (nas anteriores noticias poñía Davila sen til, pero nesta aparece acentuado o apelido) por ser o primeiro en utilizar o Ulla para a “exportación” de madeiras, un acto que o “engrandece”, pois coñecer e vencer os inconvenientes cos que debe loitar “toda innovación” é o primeiro paso para que adquira “un inapreciable valor” un camiño ata entón non explotado.

Queda constancia, pois, a través da ‘Gaceta de Galicia’, desta curiosa experiencia que se desenvolveu nas augas do río Ulla hai nada máis e nada menos que 130 anos.

A ‘Gaceta de Galicia’, a familia Fernández e o Val do Ulla

¿Por que a ‘Gaceta de Galicia’ lle prestaba tanta importancia a noticias producidas no Val do Ulla, nunha época na que outros diarios non o facían? Comecemos dicindo que o xornal compostelán ‘Gaceta de Galicia’, subtítulo ‘Diario de Santiago’ por ser continuador doutro xornal deste nome, foi fundado por Manuel Bibiano Fernández e o seu primeiro número saíu o 2 de xaneiro de 1879, cesando a publicación o 30 de novembro de 1918³.

Os Fernández tiñan casa na parroquia vedresa de San Pedro de Sarandón, a súa propiedade denominábase O Rial e está situada entre as aldeas de Xián e Ribeira, e hoxe en día está deshabitada. Mais naquela época debían visitala con certa frecuencia ou polo menos manterían un contacto continuo con xente da Ulla, xa que as informacións sobre a comarca son relativamente abundantes na ‘Gaceta de Galicia’.

3 A publicación está dixitalizada entre os fondos da biblioteca Galiciana da Xunta de Galicia e a ficha correspondente a ela está en: <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=2707>. Consultada a 29 de xuño de 2013.

Unha delas, publicada o 23 de setembro de 1891 na segunda páxina do diario, dá conta da bendición o día anterior dunha imaxe da Virxe do Carme destinada a ser colocada na capela que a familia construíra na propiedade do Rial. Con todo, soamente cinco anos despois da inauguración desta capela, encontramos na páxina tres da ‘Gaceta de Galicia’ do 10 de xullo de 1896 un anuncio no que se pon á venda a propiedade, ignoramos por que causa, polo que semella que a vinculación coa Ulla deixaría de ser tan estreita como ata entón.

O que nos interesa, con todo, é que durante anos o diario achegaba noticias e crónicas da vida no Val do Ulla. Algunhas delas asinadas por Manuel Bibiano Fernández e outras por Moraina, pseudónimo que supoñemos era o de Mariano Fernández Tafall, quen foi administrador do diario e, cremos, fillo do fundador. Consérvanse grazas a eles moitos datos sobre a vida nas terras ullás nesa época.